

Distinguido cliente,

Queremos informarte de que, tras estudarmos a túa solvencia financeira, bloqueamos a túa tarxeta/conta de crédito de forma provisional*, polo tanto, a partir de agora, non poderás realizar novas operacións coa túa tarxeta/conta de crédito. Esta medida non afecta ou modifica o resto das condicións da túa tarxeta/conta de crédito respecto á débeda contraída con anterioridade á súa aplicación. Lembra que a referida medida unicamente ten por finalidade non incrementar os teus gastos e endebedamento, xa que consideramos que podes ter dificultades para facer fronte ás túas obrigas de pagamento.

Como sempre, para calquera dúbida ou consulta, podes contactar connosco mediante as nosas canles de contacto, por teléfono, a través da web ou da app.

* Esta medida está recollida no teu contrato de conta de crédito con e sen tarxeta e aplicámola de acordo coa normativa legal vixente (o artigo 40.2 do Real decreto-lei 19/2018, de servizos de pagamento, establece que: "2. Sempre que se acordase no contrato marco, o provedor de servizos de pagamento poderá reservarse o dereito de bloquear o instrumento de pagamento por razóns obxectivamente xustificadas relacionadas coa seguridade do instrumento de pagamento, a sospeita dunha utilización non autorizada ou fraudulenta deste ou, no caso de que estea asociado a unha liña de crédito, un aumento significativo do risco de que o ordenante poida ser incapaz de facer fronte á súa obriga de pagamento.").

CaixaBank Payments & Consumer, E.F.C., E.P., S.A., sociedade unipersoal, con domicilio social na avenida Manoteras, 20, Edif. Paris, de (28050) Madrid. CIF A08980153. Inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, tomo 36.556, folio 29, folla M-656492 e inscrita co núm. 8776 no Rexistro de Establecementos de Crédito do Banco de España.